



ANUNCIO SOBRE NOMEAMENTO

EXPEDIENTE: PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVOS/AS PARA O CONCELLO DE VIMIANZO

EXP. TEDEC: 2021/E001/000016

A Alcaldía con data 14-01-2022 , ditou a Resolución 34/2022 que a continuación se transcribe:

“Por Resolución de Alcaldía núm. 954/2021 de data 29/09/2021 aprobáronse as bases de selección, mediante o sistema de concurso oposición, para a creación dunha bolsa de traballo de administrativos/as para o Concello de Vimianzo (funcionarios/as interinos/as).

As bases están a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo: <https://sede.vimianzo.gal> desde o 11/10/2021 e o anuncio sobre elas foi publicado no BOP núm. 196 o 14/10/2021.

O prazo de presentación de solicitudes, de 10 días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, estivo aberto entre os días 15/10/2021 e o 25/10/2021.

Consta o informe de rexistro do 16/11/2021 que recolle a relación de solicitudes presentadas, correspondente ás 53 persoas candidatas que se reflicten nas táboas de incluídas e excluídas provisionalmente.

Consta o informe asinado pola técnica de Desenvolvemento Local do 16/10/2021, no que consta a proposta de listaxe provisional con persoas incluídas e excluídas no proceso de selección.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1127/2021 do 16/11/2021 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicou o 17/11/2021 no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo. O prazo de emendas, de cinco días contados a partir do seguinte á publicación, estivo aberto ata o 24/11/2021.

Consta informe de rexistro coa relación de persoas que alegaron, datado no 25/11/2021, e consta o informe asinado pola técnica de Desenvolvemento Local do 25/11/2021, no que consta a proposta de listaxe definitiva con persoas incluídas e excluídas no proceso de selección.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1163/2021 do 26/11/2021 aprobouse a listaxe definitiva, a composición do tribunal e a data das probas, que se publicou o 26/11/2021 no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo.

Constan as actas e proposta de bolsa do Tribunal, que teñen datas do 14/12/2021, do 23/12/2021 e do 28/12/2021, e o anuncio coa publicación das notas provisionais e outro anuncio que recolle unha corrección de erros, publicados os días 23/12/2021 e o 28/12/2021 respectivamente.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1255/2021 do 28/12/2021 aprobouse a Bolsa de Traballo de Administrativos/as, que se publicou na sede do Concello de Vimianzo nesa mesma data.

Consta a alegación de Laura Castiñeira Vilariño relativa á valoración de méritos **reclama que se puntué como experiencia na administración local a que acredita no Consorcio contra Incendios e Salvamento da Coruña. Entrega un novo documento que verifica a condición de entidade local do citado consorcio.**

Tívose en conta a nova proposta do Tribunal na que analizan tres solicitudes e se ten en conta a presentada por Laura Castiñeira Vilariño, que incide no outorgamento dunha nova puntuación, que



pasa de 52,67 a 53,01, o que non afecta á orde de prelación das persoas que forman parte da bolsa.

A Alcaldía con data 11/01/2022, ditou a Resolución 22/2022, na que se recolle ordear que persoal do departamento de Promoción Económica faga o chamamento mediante mensaxe electrónica e dar un prazo de dous días naturais para comunicar a aceptación ou o rexeitamento e requirir a documentación necesaria para proceder ao nomeamento segundo indican as bases, de ser o caso.

Nesa mesma resolución recóllese a relación das persoas que forman parte da Bolsa de Traballo, na que constan nos tres primeiros postos as seguintes:

	DNI	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1	***5564**	DIEGUEZ RODRIGUEZ	SONIA	56,58
2	***3366**	CASTIÑEIRA VILARIÑO	LAURA	53,01
3	***0565**	FERNANDEZ SANCHEZ	MARIA BELEN	44,60

Tense en conta o informe elaborado pola técnica de Desenvolvemento Local con data do 14/01/2022, relativo ás xestións levadas a cabo para o chamamento e a conformidade sobre a documentación presentada por María Belén Fernández Sánchez, que recolle o seguinte:

- *Publicouse na Sede do Concello de Vimianzo e no Taboleiro de Anuncios o anuncio co contido da citada resolución o día 12/01/2022 e nese mesmo día enviouse chamamento á primeira candidata e aviso ás dúas seguintes sobre ese anuncio, por correo electrónico e por SMS.*
- *O día 14/01/2022, a candidata primeira presentou o seu rexeitamento e solicitude de conservar o posto na bolsa ao incorporarse ao Concello da Coruña.*
- *O día 13/01/2022, a candidata segunda presentou o o seu rexeitamento e solicitude de conservar o posto na bolsa ao estar traballando no Consorcio contra Incendios da Coruña.*
- *O día 14/01/2022, procedín a facer chamamento por teléfono e correo electrónico á candidata terceira e presentou no rexistro do concello a documentación que se sinala na base 8.3 e que consta no expediente.*

Vista a base oitava relativa á relación de aprobados, chamamento e nomeamento.

Vista a Providencia de Alcaldía do 27/09/2021 que deu orixe a este expediente, a baixa de persoal administrativo da área de Secretaría, a acumulación de tarefas e o elevado número de expedientes sen resolver dese departamento.

Tendo en conta o artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla no punto 1 d) o nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses.

Consta o Informe favorable de Intervención con data do 14/01/2022.

Considerando a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:



Primeiro.- Aprobar que as dúas primeiras integrantes da Bolsa de Emprego, que rexeitaron incorporarse ao posto por estar traballando noutras administracións, continúen na mesma orde de prelación.

Segundo.- Dispoñer o nomeamento como funcionaria interina de María Belén Fernández Sánchez, con DNI ***05 65**, para o posto de Administrativo segundo indica a base primeira das que regulan a creación dunha Bolsa de Traballo de Administrativo para o Concello de Vimianzo (BOP NÚM. 196, do 14/10/2022), tendo en conta o artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla no punto 1 d) o nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Establécese como data para a toma de posesión o 18/01/2022.

Terceiro.- Ordear a elaboración do anuncio sobre o contido desta resolución, para os efectos da súa publicidade.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral do Concello de Vimianzo, dou fe.

A Alcaldesa

O secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(documento asinado electronicamente)"

Vimianzo, 17 de xaneiro de 2022

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa de Vimianzo